

María Solar, premio Xerais: «Neste libro arrisquei moito, foi un desafío»

[Carlos Crespo](#)

A xornalista e escritora presenta «A culpa», un relato poliédrico e magnético no que divismos e amarguras conviven nun labirinto de emocións e sorpresas

11 de novembro de 2022

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/fugas/2022/11/10/maria-solar-premio-xerais-neste-libro-arrisquei-moito-foi-desafio/00031668093160332792399.htm>

Ás veces a vida simplemente non chega en orde», escribe no seu diario Mirtha Val, a protagonista de A culpa, a novela coa que **María Solar** (Santiago, 1970) vén de gañar o premio Xerais de novela. Tampouco A culpa se relata en orde. Hai un libro dentro doutro libro, como nas Mil e unha noites. Hai un conto dentro doutro conto, como en Cortázar. Hai moitas mulleres dentro dunha muller, como na vida mesma. María Solar debuxa coa súa escrita un poliedro con infinitos reflexos. Sedutores, ás veces; amargos e ásperos, outras. Todo depende dende onde o mires, de onde te sitúes. A perspectiva é importante. Sempre o é cando asoman as culpas. E asoman. Vaia se asoman. Mesmo cando unha mañá, como Amanda, recibes unha chamada que che anuncia que recibiches unha herdanza millonaria. De alguén, asumiu ela, que seguramente «non tiña ninguén na súa vida a quen merecese deixarlle».

—«Nada se entenderá de todo se non regreso ao punto de partida», escribe Mirtha no comezo do seu diario. Cal foi o punto de partida deste libro?

—Nunca me pasara na miña vida o de ter dende o principio moi clara como era a historia e o xiro brutal que ía dar ao final. Cando decidín poñerme a escribir, penseino moito, deille moitísimas voltas e arrisquei moito. Porque este libro, en realidade, son dúas novelas. Hai unha novela negra, un thriller, que é a historia de Amanda. E logo, no medio, o diario de Mirtha, que é unha novela literaria, psicolóxica, máis intimista. Iso implica dúas maneiras de narrar, dous tempos... Este libro foi un desafío.

—Mirtha escribía por culpa e por liberación. «Para purgarme, exorcizarme e arrincarme tanto mal», di literalmente. Por que escribe vostede?

—Uf! Eu escribo por necesidade vital. Eu son moi fantasiosa. Encántame crear outros mundos e outras vidas e, ao tempo, vivilas. Logo, tardo moito en saír de aí. Son das que queda prendida dos personaxes. Como se existisen de verdade. Non sei se ten unha parte de loucura, pero eu gozo moitísimo facéndoo.

—**Noutro momento Mirtha di: «Canto cansa escribir, non tiña nin idea diso».**

—Ai, si! É unha cousa que me paso a vida explicándolla a algunha xente. O mundo das artes percíbese, en xeral, dese halo de persoas tocadas por un don, pero a realidade é que tes que currar como unha besta. E ese traballo é o que eu reivindico. Estou moi cansa desa idea de «ah!, escribe porque lle gusta». Si, claro que me gusta, pero é un traballo. E un traballo que debe ser digno, respectado e ben remunerado. Temos dereito a vivir dos nosos libros e a unhas porcentaxes xustas.

—**«Os escritores viven nun delicado equilibrio entre o recoñecemento, o ego, a adulación e a crúa realidade da miseria», escribe a protagonista. Concorde?**

—Concorde en bo grao. Claro que hai algúns escritores que poden vivir do que fan, pero hai moitísimos que viven dos soños. Escribir non está ben pagado. E cando unha actividade non che devolve a dignidade, tamén económica, que precisas para mantela, hai un desequilibrio clarísimo.

—**Seguimos co diario de Mirtha. Ela di: «Teño alimentación e recordos. Suficiente». Que máis precisa María Solar?**

—Eu preciso moitísimo o amor. No sentido máis amplo. Dende a parella ata os fillos. A min o que me sosteñen son as persoas, máis alá de calquera outra actividade. Cada vez valoro máis o tempo que paso cos meus.

—**Di nos agradecementos que sempre que remata unha novela é un pouco máis sabia. Que sabedorías adquiriu con esta?**

—Aprendín de doses de veneno [ri], cuestións bancarias, de herdanzas, o castelán de Arxentina... Pero sobre todo aprendín moito da liberdade de creación. De escribir algo que tes na cabeza dunha maneira distinta, non lineal nin convencional.

—**Hai un momento clave do libro no que Amanda lle di a Enric «Isto non o podemos contar». Tenlle pasado iso moitas veces?**

—Si, no xornalismo, si. Hai veces que te sentes como un cura en segredo de confesión. E penso que debe ser así. Cada vez máis, estamos afeitos a un xornalismo amarelo no que se perderon todas as formas. Hai como unha ansia por contalo todo, por revelar segredos, por traizoar aos demais... E iso é o antixornalismo. O xornalismo é outra cousa.

—**Ten dito que o xornalismo é a súa vida e a escrita a súa paixón. Pode iso trocar no futuro?**

—Non, non... Mesmo se tivese o bombazo literario do século e puidese vivir da escrita, cousa que non acontece, remataría por botar de menos o xornalismo. Gústame moito comunicar. Xa son moitos anos.

—**Máis alá do propio título, o libro xira en torno á idea da culpa pero sen ningún tipo de moralina, condea ou xustificación?**

—Eu non soporto que me dean as cousas mastigadas. Son de deixar que o lector pense por si mesmo. Na literatura infantil, na xuvenil e na de adultos, eh! Paréceme terrible a maneira de aleccionar aos rapaces que teñen determinados libros, incluso levando razón no que lles queren contar. Para min, a culpa é un sentimento transversal. Está en todo o libro e dende moitas vertentes. Hai actos terribles, hai culpas que se mostran e outras que nunca chegan a aparecer ou aparecen tarde na vida... Pero hai que ter en conta que non é o mesmo responsabilidade que culpa. E as mulleres de este libro teñen algunhas culpas que non merecen.

—Mirtha Val escribe o seu diario «dende o peso do pasado e o sen sentido do presente». Que conta máis no seu caso?

—Sempre o presente.

—Aínda que sexa sen sentido?

—Nunca vivín un presente sen sentido. Niso non son como Mirtha, que chegou a un momento no que fai unha especie de renuncia vital. Eu non. Eu nunca vivo no pasado. Pero si que aprendo del. Sinto que estou sempre en proceso de construción.

—Eduardo namorou a Mirtha «sen facer nada especial máis que ser como era». É ese un valor en alza nestes tempos de impostura e fútil exhibicionismo?

—Mirtha era unha diva e estaba rodeada de xente que a adulaba ou que quería algo dela. Cando atopas a unha persoa que te sitúa cos pés na terra, dáste conta de que esas son as máis importantes. Aínda que as veces digan cousas que non che presta oír.

—Tralo seu reencontro con Eduardo, Mirtha di que «tiña ansiedade de tanta felicidade». Iso é unha licencia poética ou pode chegar a pasar?

—Si que pasa, si. Cando temos moita felicidade podemos sentir a angustia de perdela. Eu teño falado con artistas que despois de recibir un super premio senten que non son capaces de desfrutalo porque teñen como unha ansiedade polo momento tan bo no que están. Non sempre é fácil xestionar o éxito ou a felicidade.

—Cre que hai neste libro unha película ou unha serie?

—Pois mira, cando llo entreguei a miña axente, o primeiro que me dixo é «isto é unha serie». Supoño que iso ten moito que ver co feito de ser xornalista do audiovisual. Para min é inevitable pensar moito en imaxe ou en escena. Son moi consciente de que a narrativa é algo moi distinto do audiovisual pero cando estou escribindo cústame non imaxinalo case como un filme. E pode que si, que este libro estea impregnado diso

—Nunha entrevista no 2015 dicía que as historias son universais e que o idioma no que se escriben tiña que ser o de menos. Que escribir nunha lingua ou noutra non pode determinar que para ti sexa máis difícil chegar aos sitios. E engadía entón, «algo que na actualidade ocorre». Segue ocorrendo hoxe?

—Hoxe a situación é máis complicada aínda. Cada vez é máis difícil traducir a outros idiomas porque cada vez se compran menos libros, as editoriais están coa auga ao pescozo e queren reducir gastos. Estamos nun momento no que editorialmente as apostas son poucas e moi claras. E escribir nun idioma distinto ao castelán complica que aposten por ti porque supós un gasto extra.

—É por iso que se presentou ao Xerais?

—O Xerais é un premio moi bonito porque é un clásico nas letras galegas. É o que eu levo comprando e lendo dende o instituto. Eu tiña moitísimas ganas de presentarme a este premio. Pensamos que podía ser unha boa oportunidade para este libro, e alá fomos. Mira, saíunos ben.

—**Cal é banda sonora de «A culpa»?**

—Creo que comezaría na música dos anos 50, atravesaría toda a época do pop dos 70 e remataría cos sons actuais. Para min é complicado poñerlle banda sonora ao libro porque non son capaz de traballar escoitando música. Váiseme a cabeza a ela. Podo escribir no medio do xentío máis grande que imaxines, pero escoitando música, imposible.